



## SOSTIBILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA



## IV. SOSTIBILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

### IV.1. Reforma da regulación das finanzas públicas

#### IV.1.1. Reforma da Gobernanza Económica na UEM

A actual crise demostrou que o marco normativo regulador das finanzas públicas non foi quen de evitar un desequilibrio excesivo das contas públicas, por iso a Unión Europea co obxecto de mellorar a sostibilidade financeira dos seus Estados membros realizou unha profunda reforma deste marco normativo.

Así, a finais do ano 2011 a través do "Six Pack" procedeuse a reformar a gobernanza económica no ámbito da UEM mediante a modificación do Pacto de Estabilidade e Crecemento, a configuración dun novo sistema de sancións para potenciar o seu cumprimento, a creación dun novo Procedemento de Desequilibrios Excesivo co obxectivo de detectar e afrontar eficazmente os desequilibrios macroeconómicos que xurdan na UE e o establecemento dos requisitos comúns que deben respectar os presupostos nacionais.

A reforma do PEC reforza a súa vertente preventiva coa incorporación dunha regra de gasto de forma que o crecemento do gasto público non pode exceder do crecemento do PIB a medio prazo. O establecemento dun límite ao déficit público resulta moito máis crible si se controla a súa vez a evolución do gasto público xa que o gasto público constitúe a principal fonte xeradora dos déficits públicos e, ademais, evitaríase que crecementos moi importantes no nivel dos ingresos públicos debido a factores extraordinarios (burbullas inmobiliarias...) servisen para consolidar gasto estrutural como sucedeu antes da crise en numerosos países, como España, Reino Unido ou Irlanda.

Así mesmo reforzase o criterio da débeda pública, xa que o límite do 60% da ratio débeda pública – PIB nunca se chegou a aplicar, de forma que, a partir de agora, vanse iniciar procedementos por déficits excesivos a aqueles países cuxa débeda exceda o 60% nos mesmos termos que para os países que rebasen o límite do 3% de déficit público.

Non obstante non se impoñerán sancións aos países que superando o 60% reduzan o seu nivel de débeda a un ritmo satisfactorio, o cal se producirá o exceso de débeda respecto ao 60% redúcese a un ritmo dunha vinteava parte anual (un 5% de media anual).

Outra importante reforma neste ámbito acaecida recentemente produciuse coa aprobación do Tratado de Estabilidade, Coordinación e gobernanza na UEM, o cal foi ratificado polas Cortes Xerais mediante a Lei Orgánica 3/2012. Dito Tratado promove fundamentalmente reforzar a disciplina presupostaria entre os países asinantes, establecendo unha regra de ouro que impón que as contas públicas teñen que rexistrar equilibrio ou superávit, o cal enténdese que se produce cando o déficit estrutural non excede do 0,5%, ampliado ao 1% se a ratio débeda pública- PIB se sitúa moi por debaixo do 60% e

os riscos da sostibilidade a longo prazo das finanzas públicas son baixos.

#### *IV.1.2. Reforma Constitucional.*

En Agosto do ano 2011 como consecuencia das novas exixencias que en materia de estabilidade presupostaria se estableceron no ámbito comunitario, as Cortes Xerais procederon a reformar o artigo 135 da Constitución Española o que supuxo unha profunda modificación da regulación das finanzas públicas en España.

Neste sentido o novo artigo 135 establece que o Estado e as CCAA non poderán incurrir nun déficit estrutural que supere os marxes establecidos pola UE para os seus Estados Membros.

O precepto constitucional prevé que unha Lei Orgánica fixará este déficit estrutural máximo, obtando por un criterio máis exixente ao impedir a existencia de déficit estrutural nas administracións públicas, salvo no caso en que procedan a realizar reformas estruturais con efectos presupostarios a longo prazo, en cuxo caso permítese alcanzar un déficit estrutural do 0,4% do PIB.

Dita marxe tamén se contemmpla nos casos de catástrofes naturais, recesión económica grave ou situacións de emerxencia extraordinarias que escapen ao control do Estado e prexudiquen considerablemente a situación financeira ou a sostibilidade económica ou social do Estado, e sempre que se acorde así por maioría absoluta do Congreso dos Deputados.

Neste sentido hai que ter en conta que o PEC establece que “A Comisión e o Consello... , poderán considerar que unha superación do valor de referencia (do 3% ou do 60%) resultante dunha grave recesión económica é excepcional ..., se o exceso se deriva dunha taxa negativa de crecemento anual do PIB en volume ou dunha perda acumulada de produción durante un período prolongado de moi baixo crecemento anual do PIB en volume en relación ao seu potencial”.

O límite do déficit estrutural aínda non está plenamente vixente xa que non entrará en vigor ata o ano 2020. Durante este período España terá que facer un axuste fiscal moi importante xa que en 2011 o déficit estrutural ascendeu a un 6,7% do PIB, es dicir, 70.000 millóns de euros.

Coa reforma do artigo 135 constitucionalízase o límite da débeda pública, tomando como referencia o establecido no Tratado de Funcionamento da UE, é dicir o 60% do PIB.

#### *IV.1.3. Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.*

En desenvolvemento deste novo artigo da Constitución ditouse a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, recentemente modificada pola Lei Orgánica 4/ 2012, de 28 de setembro.

En dita lei orgánica regulase unha regra de gasto que establece que a variación do gasto computable da Administración Central, das CCAA e das CCLL non poderán superar a taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española.

Esta regra de gasto non se aplica as pensións, aos intereses da débeda pública, ao gasto non discrecional en prestacións por desemprego, e a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP.

Tamén hai que ter en conta que ante cambios normativos que supoñan aumentos permanentes de recadación, o nivel de gasto computable pode incrementarse na mesma contía; e, sensu contrario, ante cambios normativos que supoñan diminucións permanentes de recadación o gasto computable ten que reducirse nunha contía equivalente, e todos os ingresos que se obteñan por encima do previsto deberán destinarse integramente a reducir débeda pública.

Una novidade moi importante que incorpora esta Lei Orgánica é que procede, por primeira vez, a repartir entre as distintas Administracións que conforman o sector público en España o límite do 60% da ratio débeda - PIB, de forma que se establecen os seguintes límites:

- Para a Administración Central, o 44% (es dicir, o 73,3% do total).
- Para as Comunidades Autónomas, o 13% (o 21,6% do total).
- E para as Corporacións Locais, o 3% (o 5% do total).

A Lei Orgánica de Estabilidade inclúe novos instrumentos que permiten reaccionar cunha maior celeridade ante posibles desviacións nos obxectivos de estabilidade, de débeda o de cumprimento da regra de gasto.

Estas medidas son as seguintes:

- As actuacións preventivas e de alerta temperá
- Os mecanismos de corrección automática e
- Os mecanismos coercitivos e sancionadores

En primeiro lugar, as medidas automáticas de prevención, que se aplicarán polas propias AAPP:

- Cando se constate unha desviación na execución orzamentaria (deberase axustar o nivel de gasto para garantir o cumprimento ao peche do exercicio),

- Cando se supere o límite do 95% do obxectivo de débeda (só se autorizará para operacións de tesouraría) ou
- No caso de déficit a longo prazo no sistema de pensións.

En segundo lugar, dende a administración central, formularase advertencia motivada cando se aprecie risco de incumprimento do obxectivo de estabilidade, de débeda pública ou da regra de gasto. A Administración Pública advertida deberá adoptar medidas para evitar o devandito risco no prazo dun mes. No caso contrario poderanse adoptar medidas correctivas.

En terceiro lugar, os mecanismos de corrección:

- Autorización de todas as operacións de endebedamento das CCAA (só a longo prazo en caso de presentar PEF) e as de longo prazo das Entidades Locais.
- Informe favorable previo do MINHAP para concesión de subvencións e convenios con CCAA.
- Formulación de PEF e seguimento destes: en caso de desviación, requirimento para a súa xustificación e corrección con novas medidas.

En cuarto lugar, as medidas coercitivas, que se aplicarán en caso de falta de presentación ou aprobación do PEF ou o seu incumprimento (despois do requirimento antes mencionado), e que implican:

- Que a Comunidade Autónoma deberá aprobar unha non dispoñibilidade de créditos que garanta o cumprimento do obxectivo
- Que o Estado poida exercer capacidade normativa sobre os tributos cedidos
- A constitución dun depósito con intereses no Banco de España (0,2% PIB nominal) que se pode converter en multa coercitiva.
- O envío dunha comisión de expertos con poderes de solicitar tanta información precisen e propoñer medidas que serán de obrigado cumprimento. En caso de incumprimento, non se autorizará ningunha operación de crédito.

Finalmente, as medidas de cumprimento forzoso, ante a non adopción dos acordos de non dispoñibilidade, a non constitución do depósito ou a non adopción das medidas propostas pola comisión de expertos:

- Requirimento ao Presidente da Comunidade Autónoma
- Execución forzosa polo Goberno, con maioría absoluta do Senado
- Instrucións do Goberno ás Autoridades autonómicas (intervención).

Estas medidas, para o caso das EELL poderían chegar mesmo á disolución da corporación local.

Trátanse de mecanismos extensos e variables na súa intensidade e que agravan as consecuencias en función do grao de incumprimento da administración respectiva.

#### IV.2. Evolución da situación financeira autonómica.


Neste apartado procederase a analizar a evolución dos ingresos e gastos non financeiros consolidados da Comunidade Autónoma de Galicia dos últimos 7 anos, en concreto as súas fases de dereitos e obrigas recoñecidas.

A distribución por capítulos dos gastos durante o período 2005- 2011 é a seguinte:


*Gastos Consolidados (Obrigas Recoñecidas). Datos en Millóns de euros*

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Gastos de persoal	2.762	3.004	3.276	3.576	3.900	3.823	3.725
Gastos en bens correntes e servizos	1.203	1.214	1.280	1.404	1.398	1.357	1.321
Gastos financeiros	120	137	150	135	111	122	214
Transferencias correntes	2.100	2.240	2.263	2.432	2.600	2.559	2.273
<b>Gastos correntes</b>	<b>6.186</b>	<b>6.596</b>	<b>6.969</b>	<b>7.547</b>	<b>8.008</b>	<b>7.861</b>	<b>7.533</b>
Investimentos reais	1.096	1.131	1.264	1.368	1.274	882	683
Transferencias de capital	1.088	1.170	1.211	1.388	1.193	949	729
Gastos de capital	2.184	2.301	2.475	2.755	2.467	1.831	1.413
<b>Gasto non financeiro</b>	<b>8.370</b>	<b>8.896</b>	<b>9.444</b>	<b>10.302</b>	<b>10.476</b>	<b>9.692</b>	<b>8.946</b>


Fonte: Consellería de Facenda



En canto aos gastos correntes, a súa execución en 2011 representou o 84,2% do gasto non financeiro total, e desde o ano 2009, ano no que alcanzou o seu máximo, o gasto corrente reduciuse en 475 millóns de euros, un 5,9%. Desde o ano 2005 ata o ano 2009 o incremento foi de 1.822,8 millóns de euros, un 29,5% máis.



En canto aos gastos de capital, a súa execución en 2011 representou o 15,8% do gasto non financeiro total e desde o ano 2008, ano no que alcanzou o seu máximo, o gasto de capital reduciuse en 1.342,4 millóns de euros, un 48,7% menos. Desde o ano 2005 ata o ano 2008 o incremento foi de 571 millóns de euros, un 26,1% máis.



En canto a evolución do gasto non financeiro, o seu máximo neste período (2005-2011) alcanzouse no ano 2009 cando o seu importe ascendeu a case 10.500 millóns de euros. No ano 2010 prodúcese por primeira vez unha caída do gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia respecto o ano anterior o que se volve a producir no ano 2011. É dicir, nos últimos dous anos o gasto consolidado non financeiro reduciuse en 1.529,5 millóns de euros, un 14,6% menos.

En canto os ingresos, a súa distribución por capítulos durante o período 2005- 2011 é a seguinte:





Ingresos Consolidados (Dereitos Recoñecidos). Datos en Millóns de euros

	2.005	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011
CAPÍTULO I	1.128,2	1.241,0	1.444,4	1.651,4	1.738,1	1.385,3	2.051,1
CAPÍTULO II	2.336,0	2.535,9	2.713,9	2.549,9	2.119,3	1.874,7	2.689,9
CAPÍTULO III	240,6	244,2	283,1	252,5	261,9	248,3	256,2
CAPÍTULO IV	3.667,5	4.004,6	4.324,3	4.643,8	5.018,6	4.364,2	2.460,2
CAPÍTULO V	14,2	30,4	51,1	60,7	28,6	19,1	23,1
<b>Ingresos Correntes</b>	<b>7.386,5</b>	<b>8.056,1</b>	<b>8.816,8</b>	<b>9.158,3</b>	<b>9.166,4</b>	<b>7.891,8</b>	<b>7.480,3</b>
CAPÍTULO VI	57,3	62,4	55,8	83,8	65,8	21,5	23,6
CAPÍTULO VII	843,1	781,9	817,6	858,3	908,4	817,7	747,5
<b>Ingresos de Capital</b>	<b>900,3</b>	<b>844,3</b>	<b>873,4</b>	<b>942,1</b>	<b>974,3</b>	<b>839,2</b>	<b>771,1</b>
<b>Ingresos Non Financeiros</b>	<b>8.286,8</b>	<b>8.900,3</b>	<b>9.690,2</b>	<b>10.100,4</b>	<b>10.140,7</b>	<b>8.731,0</b>	<b>8.251,4</b>


Os ingresos correntes acadaron o seu máximo nos anos 2008 e 2009, reducíndose nos dous anos seguintes en 1.686,1 millóns de euros un 18,4% menos.

Fonte: Consellería de Facenda



En canto aos ingresos de capital, a súa execución en 2011 representou o 9,3% dos

ingresos non financeiros totais e desde o ano 2009, ano no que alcanzou o seu máximo, reducíronse en 203,2 millóns de euros, é dicir un 21%.



Polo que se refire a evolución dos ingresos non financeiros, o seu máximo durante o período 2005- 2011 alcanzouse nos anos 2008 e 2009, con valores practicamente similares, por en riba dos 10.000 millóns de euros. Nos dous anos seguintes, os ingresos non financeiros derrúbanse cunha caída de case 2.000 millóns de euros, un 18,6% menos.

Aforro Bruto. Datos en millóns de euros

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Ingresos Correntes	7.386,5	8.056,1	8.816,8	9.158,3	9.166,4	7.891,8	7.480,3
Gastos Correntes	6.185,6	6.595,6	6.969,4	7.546,6	8.008,4	7.861,2	7.533,2
<b>Aforro Bruto</b>	<b>1.200,90</b>	<b>1.460,40</b>	<b>1.847,40</b>	<b>1.611,70</b>	<b>1.158,00</b>	<b>30,5</b>	<b>-52,9</b>
<b>Taxa de Aforro Bruto</b>	<b>16,3%</b>	<b>18,1%</b>	<b>21,0%</b>	<b>17,6%</b>	<b>12,6%</b>	<b>0,4%</b>	<b>-0,7%</b>

Fonte: Consellería de Facenda

Por outra banda, o aforro bruto, é dicir a diferenza, entre os ingresos e os gastos correntes, a Comunidade Autónoma de Galicia pasou de ter aforros brutos superiores aos 1.000 millóns de euros durante o período comprendido entre os anos 2005 e 2009 a ter un exíguo aforro no ano 2010 e un aforro negativo no ano 2011. Dita circunstancia ten a súa orixe na diminución dos ingresos correntes no 2009 e 2011 os ingresos correntes en 168,6 millóns de euros, mentres que os gastos correntes baixan en 475 millóns de euros.

Superávit (+) / Déficit (-) Non Financeiro. Datos en millóns de euros


	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Ingresos Non Financeiros	8.286,8	8.900,3	9.690,2	10.100,4	10.140,7	8.731,0	8.251,4
Gasto Non financeiro	8.369,8	8.896,2	9.444,1	10.301,8	10.475,5	9.692,2	8.946,0
<b>Superávit (+) / Déficit (-) Non</b>	<b>-82,9</b>	<b>4,1</b>	<b>246,1</b>	<b>-201,4</b>	<b>-334,8</b>	<b>-961,2</b>	<b>-694,6</b>

Fonte: Consellería de Facenda

Finalmente, en canto a evolución do superávit ou déficit non financeiro, no período de referencia pódense extraer as seguintes conclusións: nos anos 2006 e 2007 conseguiu-se pechar o exercicio cun superávit non financeiro e os anos seguintes remataron todos

con déficit. O máis elevado produciuse no ano 2010 cando ascendeu a case 1.000 millóns de euros. No ano 2011 a contía do mesmo reduciuse en 266,6 millóns de euros, un 27,7% menos, principalmente pola redución do gasto non financeiro en 746,2 millóns de euros, fronte a redución dos ingresos en 479,6 millóns de euros.


### IV.3. Evolución do Endebedamento: posición relativa



O endebedamento do conxunto das Comunidades Autónomas, en termos do Protocolo de Déficit Excesivo, incrementouse entre finais do ano 2008 e o terceiro trimestre do ano 2012 nun 131%. É dicir en case catro anos as Comunidades Autónomas máis que duplicaron a súa débeda pública.

O endebedamento da Comunidade Autónoma de Galicia incrementouse neste período nunha porcentaxe inferior ao conxunto das Comunidades Autónomas, nun 93% fronte ao 131% da media, sendo a segunda Comunidade cun menor incremento. Non obstante esta variación porcentual depende do valor de partida polo que esta análise hai que completala coa variación da débeda en relación ao PIB para ese mesmo período.

### Incremento Débeda / PIB 2008 (IV T)-2012 (III T)




Polo tanto se se parte de cero a 1 de Xaneiro de 2009 observamos que a débeda –PIB incrementouse en 6,3 puntos fronte a un incremento do conxunto das Comunidades dun 9,2, o que significa que Galicia foi a terceira Comunidade que sufriu un menor endebedamento.

Como xa se mencionou, unha das novidades que introduce a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria é que distribúe por primeira vez o límite do 60% de débeda en relación ao PIB entre as distintas Administracións Territoriais, é dicir, entre a Administración Central, as CCAA e as Corporacións Locais, establecendo os seguintes límites respectivamente: 44%, 13% e 3%.


O límite do 60% xa foi superado polo conxunto do sector público no cuarto trimestre do ano 2010; tendo en conta os últimos datos publicados polo Banco de España (terceiro trimestre do ano 2012) a débeda pública española ascende a 77,4% superando, por tanto, en máis de 17 puntos o límite establecido e un incremento desde finais de 2007, onde se alcanzou o mínimo da ratio débeda-PIB cun 36,3%, de máis de 41 puntos.

Dos 17,4 puntos de exceso do límite do 60% 13,4 puntos corresponde a Administración Central, 2,9 puntos as CCAA e 1,1 puntos as CCLL.

Dentro das CCAA a situación é moi heteroxénea. Así so 7 CCAA están por baixo do límite do 13%, e a media das CCAA excede dito límite en 2,9 puntos, indo o rango dende o 9,5% da Comunidade de Madrid ata o 25,7% de Castilla La Mancha.




En canto a situación da Comunidade de Galicia o seu endebedamento, sitúase por baixo da media das CCAA (15,9%) ademais o diferencial co resto das CCAA estase a reducir nos últimos anos: a finais do ano 2008 a ratio da débeda pública de Galicia superaba a media do conxunto das CCAA en 3 décimas. E pola contra, cos últimos datos dispoñibles a débeda de Galicia é 2,6 puntos inferior a media.



O diferencial reduciuse sobre todo no ano 2012, pasando de 1,1 puntos menos a 2,6 puntos. Isto débese Lei Orgánica 4 /2012 pola que se modifica a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria establece que o incremento da débeda que poida producirse na

Administración Central como consecuencia dos mecanismos adicionais de financiamento, computarase nas CCAA e nas CCLL.



O total de débeda asumida polas CCAA a través do Plan de Provedores ascende a 17.694 millóns de euros, o que supón o 1,7% do PIB, se ben hai importantes diferenzas entre as distintas CCAA xa que Navarra, País Vasco e Galicia no recorreron a este mecanismo adicional de financiamento. Por outra banda, o importe asumido pola Comunidade Valenciana ascende o 4,5 por cento do seu PIB e o asumido por Castela a Mancha o 7,8 por cento.




Outra novidade da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria é que ademais de establecer obxectivos de estabilidade se fixan tamén obxectivos de débeda. Deste xeito, o Consello de Política Fiscal e Financeira aprobou a seguinte senda para o conxunto da débeda autonómica:

	2012	2013	2014	2015
Obxectivo Débeda Autonómica	15,10%	16,00%	15,90%	15,50%

E tamén se estableceron os seguintes obxectivos para cada unha das CCAA para os anos 2012 e 2013, nos que non está incluído a débeda asumida polas CCAA a través do Plan de Provedores



Se engade ao límite de débeda establecido para o ano 2012 a débeda asumida polas CCAA a través do Plan de Provedores o total de débeda asumida polas CCAA ascende ao 16,8 por cento do PIB o que supón 3,8 puntos por riba do límite do 13% establecido para as CCAA. É dicir terían que facer un axuste duns 40.000 millóns de euros para cumprir con dito límite.



En canto a situación de Galicia a previsión é pechar o 2012 cun endebedamento de 8.063,7 millóns de euros, o que representa o 14,1% do PIB. A finais do ano 2011 a débeda acumulada ascendía a 7.009 millóns de euros polo que no ano 2012 a débeda pública incrementouse en 1.054,7 millóns de euros.

#### IV.4. Transparencia

A Lei 2/ 2011, de 16 de Xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira dispón no seu artigo 19, adicado a instrumentación do principio de transparencia, apartado 5, que os orzamentos xerais recollerán información sobre a necesidade de financiamento da Comunidade Autónoma, os investimentos reais das empresas públicas en termos de contabilidade nacional, a ratio de gasto público da Comunidade Autónoma en relación co produto interior bruto rexional, o nivel de débeda pública no seguinte exercicio e a evolución das seguintes ratios e magnitudes: ratio débeda/PIB, ratio débeda/ingresos correntes, risco comprometido por avais e compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario.

	2012	2013
Necesidade de Financiamento (% PIB)	-1,5%	-0,7%
Necesidade de Financiamento (M€)	854,8	495,6
Investimentos reais das empresas públicas (M€)	414,1	194,5
Ratio Gasto Non Financeiro - PIB rexional	15,8%	14,5%



	2012	2013
Ratio Gasto Total - PIB rexional	17%	16,2%
Débeda Pública (M€)	8.064	8.676
Ratio Débeda - PIB	14,1%	14,9%
Ratio Débeda - Ingresos Correntes	103,3%	117,4%
Risco comprometido por avais (M€)	239,1	380
Compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado (M€)	3.050,9	3.022,7

De acordo co anterior, a necesidade de financiamento de Galicia no exercicio 2013 será dun 0,7% do PIB rexional, cumprindo co obxectivo de estabilidade orzamentaria acordado polo Consello de Política Fiscal e Financeira o cal supón unha necesidade de financiamento de 495,65 millóns de euros.

Na seguinte táboa establécese a evolución da necesidade de financiamento da Comunidade Autónoma de Galicia, en porcentaxe do PIB, para o período 2009 – 2012 e os obxectivos de estabilidade establecidos para as CC.AA para o período 2013-2015.

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Capacidade (+) / Necesidade (-) de Financiamento (% PIB)	-0,8	-2,3	-1,6	-1,5	-0,7	-0,1	0,2

A continuación inclúese a mesma táboa para o conxunto do sector público (sen incluír a axuda ao sector financeiro).


	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Admón Central e SS	-8,7	-5,9	-5,2	-4,5	-3,8	-2,7	-2,1
CCAA	-2	-2,9	-3,3	-1,5	-0,7	-0,1	0,2
CCLL	-0,5	-0,5	-0,4	-0,3	0	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>-11,2</b>	<b>-9,3</b>	<b>-8,9</b>	<b>-6,3</b>	<b>-4,5</b>	<b>-2,8</b>	<b>-1,9</b>

As Inversións reais das Empresas Públicas en termos de contabilidade nacional no ano 2013 ascenden a 194,5 millóns de euros. O importe detallado de ditas inversións axúntase como anexo ao final do documento.

En canto a ratio de gasto público da Comunidade en relación co PIB rexional, no ano 2013 a porcentaxe de gasto non financeiro en relación ao PIB de Galicia é dun 14,5% o que supón unha diminución de 1,3 puntos respecto a porcentaxe do ano anterior (15,8%) como consecuencia de que o gasto non financeiro (comparando os créditos iniciais) diminúe nuns 655,5 millóns de euros e de que o PIB Nominal estímase que aumentará nun 1,2%.

En canto ao gasto total a ratio para o ano 2013 tamén descende desde o 17% ao 16,2% debido a que o gasto total diminúe en 378,6 millóns de euros, un 3,8% menos, e a que o PIB aumenta.

A continuación amosase a evolución do Gasto Non Financeiro en relación ao PIB de Galicia no período 2002-2013 (os datos de 2002 a 2011 comparan obrigas recoñecidas, o ano 2012 o gasto non financeiro axustado e para o ano 2013 utilízase o crédito inicial). En dita gráfica pode apreciarse como nestes anos aplicouse unha política fiscal procíclica, xa que na época de expansión (2002-2008) o PIB Nominal aumentou un 6,8% de media e o Gasto Non Financeiro aumentou máis dun 8,1%.



O único ano no que aplicouse unha política fiscal anticíclica foi no ano 2009 cando o PIB Nominal descendeu un -2,7% e o Gasto Non Financeiro aumentou nun 1,7%.

A partir do ano 2010 a economía galega segue nun período de claro estancamento, cuns incrementos do PIB real nos anos 2010 e 2011 dun 0,1% e 0,3% e cunhas reducións estimadas para os anos 2012 e 2013 dun 1,1% e dun 0,9% respectivamente. Pero debido aos excesos xerados na etapa expansiva, o sector público non pode estimular a economía e ten que axustar as súas finanzas polo que a redución estimada do gasto non financeiro neste período (2010-2013) será dun 5,2%.

Na gráfica anterior vese como a ratio Gasto Non Financeiro - PIB diminúe entre os anos 2009 e 2013 en 4,1 puntos pasando dun 18,6% a un 14,5% e que o gasto non financeiro, a pesar de ser similar ao do ano 2005, permite unha menor marxe de manobra xa que dita ratio en 2005 ascendía a un 17,4% fronte ao 14,5% do ano 2013 como consecuencia do incremento nun 20% do PIB neste período.

Para evitar que se volva a aplicar unha política fiscal procíclica, a Xunta de Galicia en xuño de 2011 aprobou a Lei de Disciplina Orzamentaria, que incluía unha regra de gasto vinculada ao ciclo económico en liña coas recentes reformas que está facendo a Unión Europea que van a obrigar que todos os Estados Membros apliquen ditas regras de gasto.

En canto o nivel de Débeda Pública do ano 2012, estímase que a finais de dito ano a débeda pública calculada segundo o Procedemento de Déficit Excesivo alcanzará o importe de 8.063,7 millóns de euros e que a finais do ano 2013 sexa de 8.675,8 Millóns de euros, o que suporá un incremento da mesma de 612,2 Millóns de euros.

A continuación a Lei de Disciplina Orzamentaria esixe información sobre a evolución das seguintes ratios que teñen relación co nivel de débeda pública: a ratio débeda/PIB e a débeda en relación cos ingresos correntes.

En canto a evolución da débeda/PIB estímase que a finais do ano 2012 sexa dun 14,1% e a finais do ano 2013 sexa dun 14,9%.

Respecto a relación entre a débeda e os ingresos correntes no ano 2012 a débeda de Galicia constituirá o 103,3% dos seus ingresos correntes e no ano 2013 dita relación ascenderá ao 117,4% como consecuencia dunha caída dos ingresos correntes en 413,7 millóns de euros e a un aumento da débeda en 612,2 millóns de euros.

No que se refire ao risco comprometido por avais hai que ter en conta o disposto no Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en concreto nos seus artigos 40 a 45. Dita Lei, en canto ao límite máximo de avais que se poderán conceder durante cada ano, remite a Lei de Orzamentos. Neste sentido, a Lei de Orzamentos de Galicia do ano 2013 dispón que o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o ano 2013 será de 30 millóns de euros e a continuación establece que o Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder, durante o ano 2013, avais en canto non se supere en ningún momento o saldo efectivo vixente de 500 millóns de euros.

A 11 de decembro do ano 2012 o IGAPE tiña un total comprometido por riscos asumidos por avais de 239,1 millóns de euros o que supón que ten 260,9 millóns de euros de saldo dispoñible para novos avais.

Para o ano 2013 estímase que os avais comprometidos polo IGAPE alcanzarán o importe de 380 millóns de euros. Por su parte a Xunta de Galicia non ten concedido ningún

aval e non se prevé que conceda ningún no ano 2013.

Por último a Lei de Disciplina Orzamentaria establece que os Orzamentos recollerán información dos compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto das xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario.

En canto aos compromisos por emprego de formulas de pago adiado xa contratados son os establecidos na seguinte táboa:

	SERGAS (Novo Hospital de Vigo)			Axencia Galega de Infraestructuras		TOTAL CA DE GALICIA	
	Concepto 209	Concepto 621	Total	Canon de Demanda	Canon de Disponib.	Total	
2013	0	0	0	28,2	0	28,2	28,2
2014	25,3	41,2	66,5	29,3	25,8	55,1	121,6
2015	25,4	41,1	66,5	30,3	26,5	56,8	123,3
2016	25,4	41	66,5	31,5	27,1	58,6	125,1
2017	25,6	40,9	66,5	32,5	27,8	60,3	126,8
2018	25,6	40,8	66,5	33,6	28,5	62,1	128,6
2019	28,2	38,3	66,5	34,7	29,2	63,9	130,4
2020	28,3	38,2	66,5	35,9	29,9	65,9	132,4
2021	30,2	36,3	66,5	37,1	30,7	67,8	134,3
2022	29,7	36,8	66,5	38,4	31,5	69,8	136,3
2023	29,8	36,7	66,5	39,7	32,2	71,9	138,4
2024	29,9	36,6	66,5	40,8	33,1	73,9	140,3
2025	28,5	38	66,5	41,9	33,9	75,8	142,3
2026	28,6	37,9	66,5	43,1	34,7	77,8	144,3
2027	33,5	33	66,5	44,3	35,6	79,9	146,4
2028	33,6	32,9	66,5	45,6	36,5	82,1	148,6
2029	31,4	35,1	66,5	46,9	37,4	84,3	150,7
2030	31,5	35	66,5	48,2	38,3	86,5	153
2031	31,6	34,9	66,5	49,6	39,3	88,9	155,3
2032	31,7	34,8	66,5	50,7	40,3	90,9	157,4
2033	26,4	40,1	66,5	51,8	41,3	93,1	159,6
2034	0	0	0	52,9	42,3	95,2	95,2
2035	0	0	0	36,9	43,4	80,3	80,3
2036	0	0	0	14,7	0	14,7	14,7
2037	0	0	0	15,2	0	15,2	15,2
2038	0	0	0	15,8	0	15,8	15,8
2039	0	0	0	6,4	0	6,4	6,4
<b>Total</b>	<b>579,8</b>	<b>749,6</b>	<b>1.329,50</b>	<b>976,1</b>	<b>745,3</b>	<b>1.721,40</b>	<b>3.050,90</b>

Dita táboa reflicte que ata o ano 2039 a Xunta de Galicia ten comprometidos a través das colaboracións público privadas 3.050,9 millóns de euros.

No ano 2013 non está previsto dispor máis gasto a través destas formulas, polo que o importe comprometido ao final do ano 2013 será de 3.022,7 millóns de euros.

ANEXO: Inversións reais das empresas públicas

ENTIDADES	INVERSIÓNS REAIS 2013
PORTOS DE GALICIA	10.452.105
AUGAS DE GALICIA	66.718.823
FUND. INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA	38.887
FUND.PUBL. CENTRO DE TRANSFUSIÓN	92.986
FUND.PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA	5.053.956
FUND.PUBL. ESCOLA GALEGA ADM. SANITARIA	3.000
FUND.PUBL. URXENCIAS SANIT. GALICIA 061	255.115
INST. GALEGO DE MEDICINA XENÓMICA	242.922
FUND. GALICIA EUROPA	78.000
FUND. AUTONOMÍA PERSOAL E DEPENDENCIA	2.725
FUND. CENTRO GAL. DE ARTESANÍA E DESEÑO	243
FUND. CENTRO SUPERCOMPUTACIÓN GALICIA	1.225.941
FUND EXPOSIC E CONGRESOS A ESTRADA	132.790
FUND FEIRAS E CONGRESOS DE LUDO	243.230
FUND. CALIDADE INDUST. E DESENV.TECNOL.	420.525
INST. FEIRAL DE A CORUÑA	234.150
FUND. CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE	114.136
FUND. ROF CODINA	293.606
FUND. DEPORTE GALEGO	97.055
FUND. ILLA DE SAN SIMÓN	18.822
FUND. CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR	562.812
FUND. GALEGA FORMACIÓN PARA O TRABALLO	54.895
COMPAÑÍA DE RTVG E SOCIEDADES	6.812.200
REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.	244.305
SOC. PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA	31.634.861
SODIGA	14.816.883
XESGALICIA, SOC.XEST.ENT. CAPITAL RISCO	1.535.066
GALICIA CALIDADE	18.439
PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A.	876.705
SOC. DE IMAXE E PROMOCIÓN TURÍSTICA	231.000
SOC. ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO	932.085
EMP.PUBL. DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS	36.016
XENÉTICA FONTAO, S.A.	246.000
GALARIA EMP.PUBL. DE SERVIZOS SANITARIOS	1.118.792
SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.	680.000
XESTIÓN URBANÍSTICA DE A CORUÑA, S.A.	20.385.632
XESTIÓN URBANÍSTICA DE LUGO, S.A.	3.360.109
XESTIÓN URBANÍSTICA DE OURENSE, S.A.	17.009.660
XESTIÓN URBANÍSTICA DE PONTEVEDRA, S.A.	451.000
AXENCIA PARA A LEGALIDADE URBANÍSTICA	355.000
CONS. GALEGO SERV. IGUALDADE E BENESTAR	6.604.468
CONS. AXE. CALIDADE SISTEMA UNIVERSIT.	24.750
CONS. INST. DE ESTUDOS TURÍSTICO	190.796
CONS SERV CONTRA INCEND E SALV COM VALDEORRAS	15.438
CONS SERV CONTRA INCEND E SALV COM VERIN	48.171
CONS SERV CONTRA INCEND E SALV COM DEZA-TAB...	20.000
CONS SERV CONTRA INCEND E SALV COM LIMIA	38.600
CONS BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS	3.000
CONS PROV CONTRA INCEND E SALV LUGO	7.100
CONS PROV CONTRA INCEND E SALV PONTEVEDRA	450.000
<b>TOTAL</b>	<b>194.482.800</b>

